

## RESOLUCIÓN REITORAL DE 12/05/09, DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 31 DE XULLO DE 2007 SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN DETERMINADOS ÓRGANOS UNIVERSITARIOS

En virtude das Resolucíons Reitorais de 1 e 3 de abril de 2009, modificouse o número e denominación das vicerreitorías da Universidade de Santiago de Compostela, modificando a Resolución de 14 de xuño de 2006.

Deste xeito, suprímese a Vicerreitoría de Relacións Institucionais e se crea a de Política Internacional, así como o Vicerreitorado de Economía e Financiamento pasa a denominarse de Economía, Financiamento e Infraestruturas, asumindo as competencias que tiña o anterior Vicerreitorado de Infraestruturas.

Cómpre, en consecuencia, modificar a Resolución de delegación de competencias do 31 de xullo de 2007 publicada no DOG de 19 de setembro e adecuala a nova estrutura organizativa.

Por todo o anterior, este Reitorado resolveu:

### **Primeiro.-**

Modificar o apartado I da delegación de competencias a prol de vicerreitores/as e vicerreitores/as adxuntos/as. En concreto modifícase o artigo 4 apartado A) da Resolución Reitoral de 31 de xullo de 2007, no seguinte senso:

#### ***“A)Vicerreitorado de Política Internacional***

*O/a vicerreitor/a de Política Internacional será competente para:*

- 1. A xestión de convenios con administracións, universidades e outras institucións sexan públicas ou privadas,*
- 2. As relacións internacionais, así como a xestión de convenios con outras administracións, universidades ou institucións estranxeiras, sexan públicas ou privadas*
- 3. A xestión de programas de intercambio nacional e internacional.*
- 4. As convocatorias de axudas para mobilidade de estudantes, profesores e persoal de administración e servizos*
- 5. A representación da USC nos procesos selectivos das bolsas relacionadas coa mobilidade de estudantes.*
- 6. A convocatoria de bolsas pre e posdoutorais para estudantes estranxeiros.*
- 7. A dirección operativa da Oficina de Relacións Exteriores.*
- 8. A dirección operativa da Área de Información e Comunicación Universitaria*

### **Segundo.-**

Modificar o apartado I.4. f) referido á delegación de competencias a prol de vicerreitores/as e vicerreitores/as adxuntos/as. En concreto modifícase o artigo 4 apartado F) da Resolución Reitoral de 31 de xullo de 2007, atribuíndo as seguintes competencias:

#### **“F) Vicerreitoría de Economía, Financiamento e Infraestruturas**

1. Os actos administrativos que en materia de contratación administrativa lle correspondan legalmente ao reitor da Universidade de Santiago de Compostela (pregos, presidencia da mesa de contratación, etc.).
2. A formalización dos contratos administrativos e patrimoniais.
3. En materia económico-financeira e orzamentaria:
  - a) A elaboración do proxecto de programación plurianual
  - b) A elaboración de planes de financiamento
  - c) A elaboración do proxecto de orzamento anual en colaboración coa xerencia
  - d) A elaboración da memoria económica e a formulación das contas anuais esixidas na lexislación vixente en colaboración coa xerencia.
  - e) O exercicio das funcións de proposta ou aprobación de modificacións orzamentarias atribuídas ao reitor.

*Exceptúanse da delegación outorgada neste punto:*

- a) A Resolución das impugnacións que se presenten contra os procedementos de adxudicación.
  - b) O acto definitivo de revogación ou de resolución dos contratos administrativos, tras o procedemento instruído para o efecto.
4. A coordinación das obras de infraestruturas que se realicen na USC.
  5. A planificación e aprobación das obras de reforma, renovación e mellora dos edificios e de mantemento das instalacións, sen prexuízo das competencias delegadas na Vicerreitoría adxunta de Infraestruturas e Servizos.
  6. A supervisión da xestión das infraestruturas, sen prexuízo das competencias delegadas na Vicerreitoría de Economía e Financiamento.
  7. A xestión de espazos da Universidade, sen prexuízo das competencias delegadas a outras vicerreitorías.
  8. O seguimento das axudas e subvencións para adquisición de infraestruturas, sen prexuízo das competencias da Vicerreitoría de Economía e Financiamento e da Vicerreitoría adxunta de Infraestruturas e Servizos.
  9. A solicitude de licenzas e outros actos de tramitación perante outras administracións públicas, contratistas ou terceiros en materias de infraestruturas.

### **Terceiro.-**

Se elimina da citada Resolución do 31 de xullo de 2007, todo o apartado I), do artigo 4 do apartado I referido á “Vicerreitoría de Infraestruturas”

### **Cuarto.-**

Modificar o apartado III, artigo 12, no seguinte senso:

*“Décimo segunda- Exceptúanse da delegación outorgada nos apartados anteriores, que continúan atribuídas ao reitor, as seguintes competencias:*

- a) Os asuntos que se refiren ás relacións cos órganos e institucións da Administración do Estado e da Administración autonómica galega, agás os de mero trámite.*
- b) Os que teñen relación co Consello Social, Claustro Universitario e Consello de Goberno.*
- c) Os actos que supoñan o exercicio da excepcionalidade da súa eficacia retroactiva, establecida no artigo 57.3 da LRXAP-PAC.*
- d) Os actos sancionadores e os referidos ao exercicio da potestade disciplinaria.*
- e) Os que dean lugar á adopción de resolucións reitorais de carácter xeral.*
- f) A resolución dos incidentes de abstención e recusación.*
- g) A supervisión da aplicación da imaxe corporativa da USC.*

*En caso de ausencia ou enfermidade o reitor será substituído polo vicerreitor que designe mediante Resolución Reitoral ditada ao efecto.”*

**Disposición derogatoria.-**



Se derroga a Resolución Reitoral do 25 de marzo de 2009, sobre avocación de competencias e delegación de sinatura en favor de varios órganos administrativos.

**Disposición Adicional.-**

A presente resolución entrará en vigor na data de publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 12/05/09

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

DIRECTORAS/ES DE DEPARTAMENTOS, SERVICIOS/UNIDADES  
DECANAS/OS E DIRECTORES/AS DE CENTROS  
DOG